

**MOCIÓN DAS ANPAS DE REDONDELA SOBRE O FONDO SOLIDARIO DE LIBROS
DE TEXTO**

PLENO 30 XULLO 2015. ACTA 14/2015

Recentemente, ven de aprobarse a Orde do 21 de maio de 2015 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 101 de 1 de xuño de 2015), pola que se regula o fondo solidario de libros de texto destinado ao alumnado matriculado en 3º e 5º de educación primaria e en 2º e 4º de educación secundaria obligatoria, en centros docentes sostidos con fondos públicos no curso escolar 2015/2016.

Consideramos que esta orde dada dende a citada Consellería non ten ningún sentido, dado que non teñen stock suficiente para poder dar cobertura a tódolos alumnos por igual. Por outra banda, os exemplares que se van repartir entre os alumnos, fomentando a desigualdade, están supeditados á renda presentada polas familias con data 2013, case 2 anos atrás, nunha situación actual onde a situación e a renda das familias non son moi estables. Non podemos esquecer que estes libros están descatalogados e non cumplen a normativa da lei vixente.

Na exposición da motivos de dita orde menciónase o art. 4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, onde se recoñece que o ensino básico é obligatorio e gratuito para todas as persoas.

Por todo o exposto solicitamos o pleno de Redondela o seguinte acordo:

Solicitar á Xunta de Galiza, e a quien corresponda:

- 1. Repoñer, nos centros públicos, os libros do fondo solidario por outros novos e adaptados ás necesidades educativas.**
- 2. Poñer os medios necesarios para que non se xeren situacíons de desigualdade entre alumnos da educación pública.**
- 3. Volver ao sistema de cheque nos centros públicos, mentres non constitúan un fondo solidario con exemplares suficientes para garantir unha educación igualitaria.**

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade do concello Pleno, 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita.)